



Estimadas familias:

Esta circular é para informarnos de que o proceso de axudas para a adquisición de libros de texto para o vindeiro curso 2015-2016 levarase a cabo mediante dous procedementos:

Orde de 21 de maio de 2015 (DOG 1 de xuño). Fondo solidario de libros 3º e 5º de primaria. Convócase unha reunión das familias dos alumnos que vaian cursar 3º e 5º de primaria o vindeiro **xoves 11 de xuño ás 18:00 horas** co equipo directivo do Centro para explicar a situación nestes cursos. O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de xuño.

Orde de 22 de maio de 2015 (DOG 1 de xuño). Axudas adquisición libros 1º, 2º, 4º e 6º de primaria e 1º e 3º de secundaria. O prazo para a presentación de solicitudes remata o 2 de xullo de 2015. Presentarase no centro educativo **unha solicitude por alumno/a xunto coa documentación xustificativa da situación familiar** (presentar orixinal e copia) que contempla a Orde da convocatoria.

Rendas familiares e contía das axudas:

No caso do alumnado de educación primaria é condición ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000€. Contía da axuda:

Familias monoparentais:

- Renda per cápita familiar ata 6.000 €: 170 €.
- Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000 €: 90 €.

Resto das familias:

- Renda per cápita familiar ata 5.400 €: 170 €.
- Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000 €: 90 €.

Enténdese por renda per cápita familiar, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables. Terase en conta a situación persoal e familiar a **31 de decembro de 2013 e o exercicio fiscal 2013**. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros **366 (base imponible xeral) e a 374 (base imponible do aforro)** da declaración.

O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria debe devolver os libros comprados cos vales recibidos en xullo de 2014 para poder optar á axuda no curso 2015-16.

Serán entregados ao seu titor/a os días 18 e 19 de xuño dentro dunha bolsa co seu nome e apelidos.

AS SOLICITUDES ENTREGARANSE EN MAN NA DIRECCIÓN DO CENTRO DE 9.00 A 10.30 HORAS.

Poden coller os impresos no Centro, na nosa páxina web ou na páxina da Consellería.